

ANEXO C
INFORME DE RESULTADOS
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Nº DE PROTOCOLO: 2014/24

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: Alternativas na gandería semiextensiva en Galicia: produción sostible e aproveitamento do territorio

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)
INGACAL-Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: Finca Marco da Curra s/n
Concello: Monfero
Provincia: A Coruña

4.- RESPONSABLE: Manuel López Luaces

Tfno.: 881881801

5.- INTRODUCCIÓN:

O abandono do medio rural é unha realidade que asedia o territorio galego dende fai tempo, e como consecuencia hai moita superficie produtiva desaproveitada e abandonada.

A gandería intensiva é cada vez máis unha actividade cuns marxes moi reducidos, polo aumento do prezo dos inputs (principalmente alimentos concentrados e combustibles). Unha alternativa son os sistemas extensivos ou semiextensivos baseados no pastoreo, que permiten un aproveitamento continuo do terreo, sendo moi difícil que nestas superficies se poidan producir lumes, outra lacra da nosa sociedade actual. Un aproveitamento conxunto da gandería con outras actividades, coma a agrícola ou a forestal, permitiría reducir aínda máis este problema. Son diversas as opcións posibles de aproveitamento da superficie mediante o pastoreo, dende os terreos de monte no que vexetan especies características de matogueira, coma o toxo ou os brezos, ata as praderías procedentes de sementeira artificial. As diversas especies de gando existentes son máis ou menos apropiadas para cada tipo de terreo e vexetación dominante. Estes sistemas de produción, ademais de ser máis sustentables que os intensivos, presentan unha serie de externalidades que son cada vez máis valoradas polas políticas europeas, coma a prevención dos incendios, a fixación de poboación no medio agrario, a creación de paisaxe, a fixación de CO₂,... Para que o gandeiro poida ter unha referencia das distintas posibilidades produtivas con sistemas semiextensivos, así como as súas vantaxes e inconvenientes, propónse esta xornada.

6.- MATERIAL E MÉTODOS:

A xornada levarase a cabo segundo a continuación se indica:

1. Exposición da problemática tratada, expoñendo casos reais:
 - Sistemas produtivos en pastoreo con gando ovino-cabrún (10:00-11:30 h).
 - Sistemas produtivos en pastoreo con vacún (11:30-13:00 h).
 - Sistemas produtivos en pastoreo con equino (13:00-14:30 h).
2. Visita guiada á explotación do Marco da Curra, onde se poderán apreciar de primeira man os sistemas produtivos que se levan a cabo (16:00-17:30 h).

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

A xornada pode considerarse todo un éxito, pois a afluencia foi masiva, contando finalmente con máis de 80 persoas.

As charlas tiveron lugar no auditorio do Parque Eólico Experimental Sotavento-Galicia, con posterior visita á Finca Marco da Curra (Ver Figuras).

A xornada integrou as seguintes charlas:

- Sistemas produtivos en pastoreo con ovino-cabrún: o relator, Joan Alibés, enxeñeiro agrónomo e Vicepresidente da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes fixo unha pormenorizada descrición da súa experiencia coa gandería La Cabreta, que fai uns anos que xestiona.

Comentou os diversos aspectos do sistema produtivo que utiliza, baseándose nun pastoreo rotacional de diversas parcelas, con peches fixos e móbiles. Aproveitan parcelas propias durante a primavera-outono e durante o inverno pastorean parcelas de explotacións intensivas de leite que non se aproveitan polos propietarios e que lles ceden para pastoreo.

Fan comercialización directa ao consumidor a través da empresa Beealia, vendendo carne de cabrito e cordeiro envasada ó baleiro.

- Sistemas produtivos en pastoreo con vacún: os relatores foron Manuel Fernández Vilar, presidente da Asociación de Veciños do Monte Forgoselo e José Ángel Salvatierra Rico, recén xubilado xefe de explotación do CIAM.

Neste caso comentaron a experiencia de xestión do Monte Forgoselo, monte de máis de 1500 ha dedicadas á explotación forestal e á explotación gandeira mediante pastoreo, no que o gando principal é o vacún.

O sistema de produción baséase no pastoreo, con destete dos becerros a distintas idades e finalización en cebadoiro propio.

A transformación do mato a pasto faise por desbroce e complétase co subministro de forraxe ós animais nas parcelas, o que favorece a sementeira das zonas desbrozadas. O monte conta con zonas protexidas por seren hábitats prioritarios da Rede Natura 2000.

Aínda que, polas súas particularidades, pode ser unha experiencia máis dificilmente repetible que a anterior, mostra un claro exemplo do que pode se a compatibilidade da xestión forestal e gandeira, así como a integración da conservación da natureza nun entorno produtivo.

- Sistemas produtivos en pastoreo con equino: o relator foi Manuel Giménez Solla, actual xerente da Sociedade Cooperativa Galega Monte Cabalar (A Estrada).

A experiencia do Monte Cabalar, superficie procedente da agrupación de propiedades privadas de máis de 300 propietarios, para xestionar en común un terreo de monte que ardía practicamente tódolos anos.

Aínda que teñen gando vacún, a experiencia de xestión centrouse no gando equino, que teñen dende o inicio da acción cooperativa. Comentáronse os principais inconvenientes deste tipo de gando como son a susceptibilidade dos poldros ós ataques do lobo, inexistencia de tradición de consumo en Galicia, ... , así como as vantaxes, sendo un tipo de gando que é capaz de controlar o rebrote de matogueira que outro gando non pode, presenta unha elevada rusticidade, baixa inversión inicial, etc.

Tamén foi comentada a súa colaboración co CIAM e co CTC no estudo dos sistemas produtivos e da calidade da canal e da carne, así como as experiencias na elaboración de produtos cárnicos derivados do poldro.

- Visita á finca Marco da Curra: despois do xantar realizouse unha visita guiada á finca do Marco da Curra.

Comentáronse os resultados dos proxectos de investigación que se están a realizar actualmente na finca, así como dos campos de ensaio realizados ó abeiro do Plan de Transferencia Tecnolóxica. Os asistentes puideron observar de primeira man os rabaños así como as experiencias de xestión da biomasa relacionadas co pastoreo.

Durante o desenvolvemento da xornada quedaron patentes unha serie de preocupacións por parte dos produtores acerca da produción de carne en sistemas (semi)extensivos:

- Actualmente os inputs agrícolas e gandeiros (gasóleo, abono, concentrado...) subiron moito de prezo, mentres que o prezo que percibe o gandeiro polo seu produto final (neste caso carne) practicamente non variou dende hai máis de 20 anos.

- Hai unha gran preocupación polo efecto da fauna salvaxe sobre as producións, principalmente danos producidos polo xabarín nas praderías e polo lobo no gando. Sobre todo este último producen danos moi intensos, para os cales hai axudas moi limitadas e que se tardan moito en cobrar.
- As externalidades positivas que producen este tipo de explotacións, como mellorar a paisaxe, evitar os incendios, producir carne de calidade, producir alimentos con sistemas de baixo impacto ambiental, etc., non se están valorando ou non se valoran o suficiente.
- No caso dos pequenos ruminantes hai un mercado opaco moi grande, debido ós elevados custos de levar a produción ó matadoiro. As explotacións que cumpren a legalidade ven moi difícil competir coa produción clandestina.
- No caso do vacún non se promociona o consumo de carne baseada en pastos, que é coñecido que posee unha graxa máis saudable que os animais de cebo intensivo.
- No caso do equino, a identificación con microchip ten un alto custo se o comparamos coa doutras especies.
- Falta de vías de comercialización de carne de poldro, xa que en Galicia non hai tradición de consumo. Bótase de menos algunha actuación por parte da administración para favorecer a promoción deste tipo de carne.
- Moi alta incidencia de ataques de lobos nos poldros, chegando algunha gandería a perder tódalas crías. Fanse necesarias batidas para controlar a poboación de lobo.



Figura 1. Público da xornadas.



Figura 2. Charla de Joan Alibés.



Figura 3. Charla de Pepe Salvatierra e Manuel Fernández.



Figura 4. Charla de Manuel Giménez.



Figura 5. Visita ó Marco da Curra.



Figura 6. Foto de grupo en Sotavento.

8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

A xornada contou cunha ampla aceptación, incluso quedando xente fóra por límite de prazas. Queda patente un aumento da preocupación dos cidadáns do rural polo sistemas baseados no aproveitamento do territorio mediante o pastoreo.

As diversas experiencias relatadas foron moi interesantes, así como as preguntas por parte do pública e o debate que xurdiu delas.

Finalmente a visita ó Marco da Curra foi acollida con entusiasmo por poder ver de primeira man as experiencias con gando en sistemas en pastoreo.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Abegondo, a 12 de decembro de 2014

Asdo. Manuel López Luaces